



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O Equipo de Apoio ao Plan de Acción do Atlántico en España e a Axencia Galega de Innovación (GAIN) estamos organizando o **III Workshop Somos Atlánticos: Os retos emerxentes da economía do mar**, que se celebrará o vindeiro 9 de xuño no **Centro de Negocios Porto do Molle** en Nigrán (Pontevedra).

O **plan de acción do Atlántico**, destinado a revitalizar a economía marítima e mariña na rexión atlántica, foi adoptado pola Comisión Europea en 2013 a partir da estratexia atlántica aprobada pola Comisión en 2011. O obxectivo deste plan de acción é demostrar como **os Estados membros atlánticos, as súas rexións e a Comisión poden contribuír ao crecemento sostible das rexións costeiras, a impulsar a «economía azul»**, que se estima que podería xerar 7 millóns de postos de traballo en Europa de aquí a 2020, así como preservar o equilibrio ecolóxico e medioambiental do Océano Atlántico.

Algúns dos **desafíos** aos que pretende dar resposta este plan de acción son: o crecemento, a redución da pegada de carbono, a utilización sostible dos recursos naturais do mar, a adopción de medidas eficaces ante ameazas e emerxencias e a aplicación dun enfoque ecosistémico de xestión das augas atlánticas. Pola súa banda, as **prioridades** definidas polo plan son: fomentar o espírito empresarial e a innovación; protexer, reforzar e mellorar o entorno mariño e costeiro; mellorar a accesibilidade e a conectividade; e crear un modelo de desenvolvemento rexional sostible e socialmente integrador.

En concreto, os **workshops “Somos Atlánticos”** teñen como

obxectivo fomentar o intercambio de coñecemento entre partes interesadas españolas e facilitar a formación de novos consorcios impulsados por institucións pertencentes ás diferentes rexións atlánticas españolas. Esta 3ª edición céntrase nos novos retos que afrontan as partes interesadas no desenvolvemento do Plan de Acción do Atlántico e está **dirixido a todas aquelas entidades, organizacións ou emprendedores que queiran desenvolver proxectos nos sectores marítimos** en liña coas prioridades deste Plan.

Podes consultar o programa na seguinte **ligazón** e se queres inscribirte pincha **aquí**. O aforo está limitado a 100 persoas.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.